



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de MAIO de 2022 (1219/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta minutos do día vinte de maio de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(381).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(382).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, DUNHA POLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO E SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 21007/240.

Visto o informe xurídico do 19/05/2022 e o informe de fiscalización do 20/05/2022, dáse conta do informe-proposta de data 19/05/2022, asinado polo xefe de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, o concelleiro-delegado de Área (RA 09/05/2022) e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN::

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público. (LCSP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro.- Baixo o nº de expediente 20858-240, tramitouse procedemento aberto para a contratación dunha póliza de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos, procedemento declarado deserto, a proposta do servizo de contratación do 18/5/2022, pola Xunta de Goberno Local (19/5/2022), ó non terse presentado ningunha proposición.

Segundo.- A teor disto, emitíuse por esta xefatura de servizo, en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, o correspondente informe de necesidade e idoneidade na contratación desa póliza de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos e, así mesmo, redactouse pola correduría de seguros WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A., contratada para a prestación dos servizos de mediación, corredoría e asesoramento profesional na xestión dos riscos desta administración o Prego de prescricións técnicas para a súa contratación, incorporándose igualmente ó expediente a memoria económica e a xustificativa asinadas o 19/05/2022.

Nesta data emitiu informe o servizo de Contratación conforme o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, procedendo á emisión do Prego de Cláusulas administrativas particulares para a contratación de seguro



Concello de Vigo

de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos, polo procedemento aberto e tramitación urxente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). E a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto con tramitación urxente.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), tendose incorporado ó expediente o correspondente documento contable de retención de crédito.

Quinto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e fiscalización da Intervención (artigo 116.3 LCSP), con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público. A

resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP).

Á vista do anteriormente exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación urxente, dunha póliza de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Xefe do Servizo de Patrimonio en data 19.05.2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 19.05.2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de CATROCENTOS CUARENTA MIL EUROS (440.000 eur), a financiar con cargo a aplicación orzamentaria 9200.2240000 e a súa bolsa de vinculación xurídica, e consonte a seguinte distribución por anualidades:

| Anualidades | Importe |
|-------------|--------------|
| 2022 | 220.000,00 € |
| 2023 | 220.000,00 € |
| TOTAL | 440.000,00 € |

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(383).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROGRAMA DE VERÁN XOVE 2022. EXPTE. 9488/336.

Visto o informe xurídico do 20/05/2022 e o informe de fiscalización do 19/05/2022, dáse conta do informe-proposta de data 20/05/2022, asinado pola técnica medio de Actividades Culturais e Educativas, e a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

O Concello de Vigo, a través do seu programa Verán Xove 2022, pon en marcha os campamentos urbanos e actividades estivais, co obxecto de ofertar un tempo de lecer educativo dentro da propia cidade.

Ademais, preténdese favorecer o emprego e a participación xuvenil, así como facilitar a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das mulleres e dos homes da cidade de Vigo.

1.- A programación Verán Xove 2022 está composta por:

1.1. **Campamentos urbanos** para nados/as entre o ano 2018 e 2005 e que, segundo o programa elaborado, para os meses de xuño, xullo, agosto está previsto que a Concellería de Xuventude oferte un total de **3.478** prazas.

TÁBOA I: CAMPAMENTOS URBANOS (*expedientes contratación nº: 9473-336/9474-336/9475-336/9171-336*):

| ACTIVIDADE | DATAS | ANO NACEMENTO | Nº PRAZAS | PREZO |
|----------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|-----------|------------------------------------------------------|
| CAMPAMENTO VIGOZOO | Quenda 1: 27/06-08/07 Quenda 2: 11/07-22/07 Quenda 3: 26/07-05/08 Quenda 4: 08/08-19/08 | 2010-2016 | 208 | 36€ (8 días) 40,00€ (9 días) 45,00 € (10 días) |
| VERÁN EN SAMIL | Quenda 1: 04/07-15/07 Quenda 2: 18/07-29/07 Quenda 3: 01/08-12/08 Quenda 4: 22/08-02/09 | 2010-2018 | 200 | 40,00€ (9 días) 45,00 € (10 días) |
| VERÁN EN ALCABRE | Quenda 1: 04/07-15/07 Quenda 2: 18/07-29/07 Quenda 3: 01/08-12/08 Quenda 4: 22/08-02/09 | 2010-2018 | 200 | 40,00€ (9 días) 45,00 € (10 días) |
| VERÁN BILINGÜE | Quenda 1: 04 /07-15/07. Quenda 2: 18/07-29/07 | 2010-2014 | 100 | 40,00€ (9 días) 45,00 € (10 días) |
| VERÁN EN NAVIA | Quenda 1: 27/06-08/07 Quenda 2: 11/07-22/07 Quenda 3: 26/07-05/08 | 2010-2018 | 195 | 40,00€ (9 días) 45,00 € (10 días) |
| VERÁN EN VIGOSÓNICO | Quenda 1: 04/07-15/07 Quenda 2: 18/07-29/07 Quenda 3: 01/08-12/08 | 2010-2018 | 195 | 40,00€ (9 días) 45,00 € (10 días) días) |

| | | | | |
|-----------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|-----|--------------------------------------|
| VERÁN NA CASA DA XUVENTUDE | Quenda 1: 01/07-15/07 Quenda 2: 18/07-29/07 | 2010-2018 | 100 | Gratuíto |
| VERÁN EN COIA | Quenda 1: 01/07-15/07 Quenda 2: 18/07-29/07 | 2010-2018 | 100 | Gratuíto |
| VERÁN MARIÑEIRO | Quenda 1: 04/07-15/07 Quenda 2: 18/07-29/07 Quenda 3: 01/08-12/08 Quenda 4: 22/08-02/09 | 2010-2016 | 200 | 40,00€ (9 días) 45,00 € (10 días) |
| VERÁN NÁUTICO NA ETEA | Quenda 1: 04/07-15/07 Quenda 2: 18/07-29/07 Quenda 3: 01/08-12/08 Quenda 4: 22/08-02/09 | 2005-2014 | 320 | 40,00€ (9 días) 45,00 € (10 días) |
| VERÁN NÁUTICO EN BOUZAS | Quenda 1: 04/07-15/07 Quenda 2: 18/07-29/07 Quenda 3: 01/08-12/08 Quenda 4: 22/08-02/09 | 2005-2014 | 200 | 40,00€ (9 días) 45,00 € (10 días) |

1.2.- Actividades de verán para os nados entre 2008 e 2018 que, segundo o programa elaborado, para os meses de xuño, xullo, agosto que está previsto que a Concellería de Xuventude oferte un máximo de **1.460 prazas**.

A adxudicación desta prazas quedará condicionada á adxudicación do contrato de servizos en tramitación.

TABOA II: ACTIVIDADES DE VERÁN (*expedientes contratación n.º: 9486-336*)

| ACTIVIDADE | DATAS | ANO NACEMENTO | Nº PRAZAS | PREZO |
|-----------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|-----------|-------------------------------------------------------|
| CAMPAMENTO URBANO I | Quenda 1: 11-22 de xullo | 2008-2014 | 250 | Gratuíto |
| CAMPAMENTO URBANO II | Quenda 2: 1-12 de agosto | 2008-2014 | 450 | Gratuíto |
| VERÁN EN COIA II | Quenda 1: 27/06-08/07 Quenda 2: 11/07-22/07 Quenda 3: 26/07-05/08 Quenda 4: 08/08-19/08 Quenda 5: 22/08-02/09 | 2010-2018 | 250 | 36 € (8 días) 40,00€ (9 días) 45,00 € (10 días) |
| VERÁN NO BERBÉS | Quenda 1: 27/06-08/07 Quenda 2: 11/07-22/07 Quenda 3: 26/07-05/08 | 2010-2018 | 150 | 40,00€ (9 días) 45,00 € (10 días) |



Concello de Vigo

| | | | | |
|----------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|-----|----------------------|
| VERÁN EN SAMIL II | Quenda 1: 22/08-02/09 | 2010-2018 | 50 | 45,00 € (10 días) |
| VERÁN EN NAVIA II | Quenda 1: 22/08-02/09 | 2010-2018 | 65 | 45,00 € (10 días) |
| LUDOTECA EN VIGOZOO | Quenda 1: 27/06-01/07 Quenda 2: 04/07-08/07 Quenda 3: 11/07-15/07 Quenda 4: 18/07-22/07 Quenda 5: 01/08-05/08 Quenda 6: 08/08-12/08 Quenda 7: 22/08-26/08 | 2010-2018 | 245 | 22,50€ (5 días) |

2.- Os **prezos** establecidos para cada unha das actividades que desenvolverá a Concellería de Xuventude terán a condición de prezos públicos, segundo o recollido na ordenanza nº 42 , publicada no BOP do 29 de novembro de 2018, sobre a participación noutras actividades ou programas do Concello en contía variable segundo cada actividade, sen que estes superen en ningún caso o custe unitario do programa ou servizo, segundo figura na Táboa III.

TÁBOA III: CUSTE REAL DOS CAMPAMENTOS E ACTIVIDADES VERÁN XOVE 2022

| ACTIVIDADE | Nº PRAZAS | PREZO ADXUDICACIÓN/LICITACIÓN | IMPORTE PRAZA |
|----------------------------------------------------------------|-----------|-------------------------------|---------------|
| CAMPAMENTO EN VIGOZOO (lote 10) CONTRATO MODIFICADO**** | 208 | 34.952,73 € | 168,04 € |
| VERÁN EN SAMIL (lote 4)** | 200 | 20.324,26 € | 101,62 € |
| VERÁN EN ALCABRE (lote 5)** | 200 | 20.324,26 € | 101,62 € |
| VERÁN EN INGLÉS (lote 9)** | 100 | 11.588,14 € | 115,88 € |
| VERÁN EN NAVIA (lote 6)** | 195 | 19.546,79 € | 100,24 € |
| VERÁN EN VIGOSÓNICO (lote 7)** | 195 | 17.590,00 € | 90,21 € |
| VERÁN NA CASA DA XUVENTUDE * | 50 | 5.767,50 € | 115,35 € |
| VERÁN en COIA* | 50 | 5.767,50 € | 115,35 € |
| VERÁN MARIÑEIRO (lote 3)*** | 200 | 26.638,97 € | 133,19 € |

| | | | |
|----------------------------------------------------|-----|-------------|----------|
| VERÁN NÁUTICO na ETEA (lote 2)*** | 320 | 40.967,74 € | 128,02 € |
| VERÁN NÁUTICO EN BOUZAS (lote 1)*** | 200 | 23.126,45 € | 115,63 € |
| CAMPAMENTO URBANO NAS TRAVESAS II (lote 1)***** | 450 | 37.557,16 € | 83,46 € |
| CAMPAMENTO URBANO NAS TRAVESAS I (lote 2) ***** | 250 | 21.639,78 € | 86,56 € |
| VERÁN EN COIA II (lote 3) ***** | 250 | 19.846,52 € | 79,39 € |
| VERÁN NO BERBÉS (lote 4) ***** | 150 | 11.907,90 € | 79,39 € |
| VERÁN EN SAMIL II (lote 5) ***** | 50 | 3.969,29 € | 79,39 € |
| VERÁN EN NAVIA II (lote 6) ***** | 65 | 4.616,55 € | 71,02 € |
| LUDOTECA EN VIGOZOO (lote 7) ***** | 245 | 9.362,77 € | 38,22 € |

* Prezo prorrateado de un mes do contrato anual de xestión do Servizo de Dinamización Infantil.

** Contratos relacionados co expediente 9475-336

*** Contratos relacionados co expediente 9474-336

**** Contrato relacionado co expediente 9473-336

***** Contrato relacionado co expediente 9486-336

3. Así mesmo é necesario establecer as **bases reguladoras do programa para o outorgamento das prazas** para participar nas distintas actividades:

BASES DE CONVOCATORIA, PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN, PROTOCOLO ACTUACIÓN E PROGRAMA DE ACTIVIDADES.-

As actividades de Verán Xove 2022 van dirixidas á poboación infantil e xuvenil da cidade de Vigo, sendo requirimento imprescindible estar empadroad/a no Concello de Vigo.

1. REXISTRO DE SOLICITANTES, SOLICITUDE TELEMÁTICA DE PARTICIPANTES E PRIMEIRA ADXUDICACIÓN DE PRAZAS.

a) Rexistro de solicitantes e solicitude telemática de participantes.

Prazo: **dende o día seguinte a publicación no BOP e ata o 3 de xuño**

Solicitantes: Serán solicitantes das actividades ofertadas tanto dos campamentos urbanos como das actividades de verán do Concello de Vigo, o/a pai/nai/titor/titora. Cada solicitante pode incorporar na mesma solicitude un/unha ou máis fillos/as ou titorados/as.



Concello de Vigo

Registro de solicitantes. As prazas para a participación no programa serán outorgadas por sorteo. Para poder realizar as solicitudes de prazas nos Campamentos urbanos do Concello de Vigo é preciso previamente darse de alta como solicitante, inscribir ás/ós menores e solicitar as actividades, na Área Privada da web veran.xuventudevigo.org. Unha vez realizada a alta, asignarase o número de solicitude que permitirá identificar á persoa solicitante e que será empregado no momento do sorteo. Este número aparecerá na pantalla do terminal ao finalizar o proceso de rexistro, na súa Área Privada e, ademais, será lle remitido ao correo electrónico (no caso de telo aportado).

Só poderá haber un/unha pai/nai/titor/titora solicitante por rapaz/rapaza, sendo excluídos do proceso no caso de que haxa máis dunha solicitude para un mesmo rapaz ou rapaza. Cada solicitante só poderá inscribir aos seus fillos/as, titorados/as.

Participantes: serán participantes nos Campamentos Urbanos e actividades de verán do Concello de Vigo os rapaces e as rapazas de Vigo nados/as entre os anos 2005 e 2018. Cada participante só poderá participar nun campamento.

Solicitude telemática. Na Área Privada da web, cada solicitante pode introducir os datos de un/unha ou máis participantes para os/as que se solicita praza, indicando as preferencias de actividades e quendas. Estes datos poderanse modificar ata o momento no que se peche o proceso de “Registro de solicitantes e solicitude telemática”, sendo válida unicamente a última modificación efectuada.

Anularanse as solicitudes con datos incorrectos ou incompletos, así como aquelas que no momento da formalización da inscrición da praza non concorde co reflectido na solicitude.

Solicitude múltiple. Unha mesma persoa poderá solicitar praza para máis de un/unha fillo/a ou titorado/a, coas mesmas ou distintas preferencias, sendo cada solicitude tratada unha a continuación da outra no proceso de adxudicación.

As institucións que realicen acollemento residencial de menores en situación de tutela ou garda administrativa asimilaranse como caso de solicitude múltiple.

Actividades e quendas escollidas: un máximo de 3, por orde de preferencia.

Seguimento da solicitude. Deberase visualizar o estado da solicitude de cada participante na área privada. Os estados posibles son: “SOLICITUDE REALIZADA” (agardando adxudicación de praza ou sen praza logo dunha adxudicación), “PENDENTE DE FORMALIZACIÓN” (unha vez adxudicada pero sen pechar o proceso de formalización da praza); “PRAZA FORMALIZADA” (unha vez adxudicada e formalizada a praza) ou “BAIXA” (por ter sido excluído, por renunciar, por non ter formalizado a praza ou por non ter atendido á corrección de erros).

b) Primeira adxudicación de prazas.

Listado definitivo de solicitudes. Con antelación ao acto do sorteo publicarase o listado definitivo de solicitudes na páxina web de veran.xuventudevigo.org indicando número de solicitude e preferencias escollidas. Deste listado quedarán excluídas as solicitudes con datos incorrectos ou incompletos, así como nas que se detecte que dúas persoas solicitantes inclúen ao mesmo rapaz ou rapaza en distintas solicitudes. O soporte dixital deste listado definitivo será o empregado no proceso de adxudicación.

Método de adxudicación de prazas: por sorteo entre todos os números de solicitude admitidos.

Acto do sorteo: será público o día **6 de xuño** ás 11:00 h. Neste sorteo determinarase unicamente o primeiro número de inicio do proceso. Na sesión estará presente un/unha funcionario/a municipal que dará fe do resultado do mesmo.

Proceso de adxudicación: unha vez rematado o acto de sorteo, a Concellería de Xuventude iniciará a adxudicación de participantes a actividades e quendas. A partir do número de solicitude resultante do sorteo, seguindo a orde do “Listado definitivo de solicitudes” ata o final do mesmo, e proseguindo dende o primeiro número do listado ata chegar ao número de solicitude previo ao sorteado, procederase do seguinte xeito para cada caso:

a) **Primeira opción:** comprobarase se hai praza e, de habela, adxudicaráselle; de non habela, pasarase á segunda opción.

b) **Segunda opción:** comprobarase se hai praza e, de habela, adxudicaráselle; de non habela, pasarase á terceira e última opción.

c) **Terceira opción:** comprobarase se hai praza e, de habela, adxudicaráselle; no caso de non habela, o/a participante queda sen praza neste primeiro proceso de adxudicación, optando automaticamente ás prazas dispoñibles na segunda adxudicación.

Nos casos de solicitude múltiple, aplicaráselle o procedemento descrito a cada unha das persoas participantes asociados á mesma.

Ao concluír o proceso de adxudicación quedarán adxudicadas as prazas dos campamentos e será responsabilidade da persoa solicitante consultar o ESTADO DA SOLICITUDE de cada neno/a na súa Área Privada para proceder coa formalización da praza.

As solicitudes sen praza en ningunha das opcións seleccionadas optarán automaticamente ás prazas dispoñibles na segunda adxudicación.

2. FORMALIZACIÓN DA INSCRIPCIÓN, ADXUDICACIÓN DEFINITIVA, CORRECCIÓN DE ERROS NA DOCUMENTACIÓN E EXCLUSIÓN DE SOLICITUDES.

a) Formalización da inscrición da praza para solicitudes admitidas.

Prazo: ata o 10 de xuño

Telematicamente: a través da área privada da web. Non se admitirá documentación por correo electrónico.

Documentación a presentar:

- Fotocopia do libro de familia, no caso de non ter DNI o/a menor.
- O pago dos campamentos só se poderá realizar de maneira electrónica.

b) Adxudicación definitiva e corrección de erros na documentación.

Se no proceso de comprobación se detecta a ausencia dalgún documento ou algún outro erro, requiriráselle ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para que no prazo de 10 días (contados a partir da recepción da notificación vía correo ordinario ou correo electrónico), emende a falta ou achegue os documentos requiridos, e informaráselle de que, no caso de non facelo, entenderase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.



Concello de Vigo

Unha vez comprobada toda a documentación, coa correspondente corrección de erros se fose o caso, a praza quedará asignada definitivamente. Na Área Privada da web o estado da persoa participante pasará a ser "PRAZA FORMALIZADA".

c) Exclusión de solicitudes.

Son motivos de exclusión automática do procedemento de adxudicación definitivo de prazas:

- Renunciar á praza adxudicada a través da Área Privada da web.
- Non ter realizado o correspondente pagamento, se a actividade así o require. Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior, agás causa grave e debidamente acreditada co correspondente xustificante médico (enfermidade, accidente...)
- Non presentar toda a documentación requirida ou non corrixir os erros no prazo sinalado.
- Falsear datos no formulario de rexistro.

Na Área Privada da web o estado da persoa participante pasará a ser "BAIXA".

3. SEGUNDA ADXUDICACIÓN, FORMALIZACIÓN DA INSCRIPCIÓN PARA PRAZAS VACANTES, ADXUDICACIÓN DEFINITIVA E EXCLUSIÓN DE SOLICITUDES.

3.a) Segunda adxudicación de prazas.

Vacantes por campamentos e actividades (13 de xuño). Unha vez completado o proceso da primeira adxudicación, publicarase na web as prazas vacantes por campamentos e actividades e posibilitarase cambiar os campamentos elixidos.

Método de adxudicación de prazas: O día **14 de xuño** realizarase a adxudicación directa entre as persoas **participantes que non obtivesen praza na primeira adxudicación seguindo o mesmo método da mesma. (NON haberá un novo sorteo)**

b) Formalización da inscrición de prazas vacantes, adxudicación definitiva e exclusión de solicitudes

Prazo: ata o 17 de xuño.

Lugar e documentación a presentar: igual que para a primeira adxudicación

Corrección de erros: seguirase o mesmo procedemento que para a primeira adxudicación. Se no proceso de comprobación se detecta a ausencia dalgún documento ou algún outro erro, requiriráselle ao solicitante.

Exclusión de solicitudes: seguirase o mesmo procedemento que para a primeira adxudicación.

Adxudicación definitiva: unha vez entregada correctamente a documentación considerárase a adxudicación como definitiva.

Exclusión de solicitudes: seguirase o mesmo procedemento que para a primeira adxudicación.

Devolución da cota de inscrición

Se, unha vez obtida a praza e realizado o pagamento correspondente, a/o menor non pode asistir ao campamento, só terá dereito á devolución da cantidade aboada no caso de que se xustifique documentalmente e polos seguintes motivos :

- Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegarse xustificante médico).
- Motivos familiares, enfermidade ou accidente grave dun familiar, falecemento ou outros (deberá achegar xustificación do motivo).

No caso de non prestación do servizo por causas non imputadas á persoa interesada ou anulación da actividade pola administración a solicitude de devolución da cota presentarase unha vez comunicadas as causas de non prestación do servizo e no prazo de 20 días naturais dende a comunicación e poderá presentarse por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da LPACAP.

Protección de datos e obrigas dos/as participantes

Todas as cuestións que podan derivarse da interpretación destas bases serán resoltas polo Servizo de Xuventude.

As persoas solicitantes autorizan expresamente ao Servizo de Xuventude a inclusión e publicidade nos rexistros municipais dos datos básicos relevantes referidos ás prazas concedidas.

A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos mesmos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a praza ou, no seu caso, á revogación do acto de concesión. Non en tanto, e de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, respectarase o carácter confidencial da información dos/as beneficiarios/as á que se teña acceso como consecuencia da concesión das prazas, non podendo utilizala con finalidade distinta á establecida nas bases reguladoras desta convocatoria.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das bases desta convocatoria.

O programa detallado de actividades publicaráse na web veran.xuventudevigo.org

Por todo elo, e en base ao anteriormente exposto, formúlase **á Xunta de Goberno Local a seguinte**

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o programa VERÁN XOVE 2022 de campamentos e actividades de verán consistente en 3.478 prazas e para nenos e nenas nado/as entre os anos 2005 e 2018.



Concello de Vigo

Segundo.- Aprobar o prezo que debe achegar cada participante de conformidade co recollido nas Táboas I e Taboa II.

Terceiro.- Aprobar as bases que regularan o procedemento de inscrición e solicitude de participantes, así como a adxudicación de prazas de campamentos e actividades de verán co contido recollido nesta proposta”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez